

2 DE MAIO - DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR

(Departamento de Orientación)

Para conmemorar este día tedes dúas tarefas:

1º) **Contestar a seguinte pregunta: que é o ACOSO ESCOLAR?**

Coma supoño que xa pensastes nunha resposta. Agora vouvos a axudar.

Para considerar un comportamento como acoso escolar deben darse **3 criterios** que son:

- **A existencia de intención de facer daño.**
- **A repetición das condutas agresivas.**
- **A duración no tempo.**

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007) que se recollen no Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso www.educonvives.gal

Tipo	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos,...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar cousas. Romper cousas. Roubar cousas.
Maltrato físico	Mixto	Ameazar para meter medo. Ameazar con armas. Obrigado a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

NO CEIP O MARBÁN
REXEITAMOS
todo tipo de violencia
e de ACOSO ESCOLAR
e PRETENDEMOS
unha comunidade educativa
RESPECTUOSA.

2º) Invítovos a ver tres vídeos curtos relacionado co tema para que logo reflexionedes que tipo, modalidade e manifestación de acoso observades nos mesmos e que consecuencias credes que se poden orixinar.

Picade nos enlaces!!!

[Acoso escolar](#)

[LOU](#)

[Pedra, papel ou tesoirá](#)